



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 30/ABRIL/2019 (Expte. 2019/G003/000765)

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 30 de abril de 2019 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

- 1.- *Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior (30 de outubro de 2018 e 13 de novembro de 2018)*
- 2.- *Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.*
- 3.- *Sorteo dos membros das mesas electorais para as eleccións municipais e ao Parlamento Europeo de 26 de maio de 2019*
- 4.- *Aprobación definitiva Ordenanza municipal para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira*
- 5.- *Concesión da medalla de prata da cidade á Farmacia Couceiro*
- 6.- *Concesión do nome "José García Ventosa" ao velódromo municipal do Carregal*
- 7.- *Moción de BN sobre medidas de emerxencia no Parque do Pasatempo*
- 8.- *Moción do BNG sobre cobertura de vacantes na escola infantil municipal.*
- 9.- *Moción do BNG sobre conservación da fábrica da luz.*
- 10.- *Rogos e preguntas*

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 04/10/2018)
(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Rafael del Barrio Berbel